

## **CIRCULAR 50-2017 Modificada**

- A todas as Delegacións (\*)

- A todos os assembleistas

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(\*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

# **XXVII CAMPIONATO DE GALICIA JUNIOR, PROMESA, ABSOLUTO E VETERÁN DE MEDIO MARATÓN **INDIVIDUAL E EQUIPOS****

**(Ribeira, 10 de Setembro de 2017)**

**Art. 1)** A Federación Galega de Atletismo a través da súa delegación en Santiago, e cón colaboración do Concello de Ribeira, organizarán o 10 de setembro de 2017 o **Campionato de Galicia Absoluto de Medio Maratón, e das categorías Junior, Promesa e Veterán.**

**Art.2)** No Campionato de Galicia poderán intervenir todos aqueles atletas das citadas categorías, que se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2015/16) por algún Club pertencente á Galicia.
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertencen a Clubs doutras Comunidades Autónomas.
3. Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

\*Segundo acordo de Asamblea os atletas estranxeiros maiores de 18 anos que non estean nacionalizados en España non poderán optar os podiums nos Campionatos de Galicia

**Art. 3)** A proba celebrarase sobre a distancia de 21.097 Km. O percorrido está medido e homologado pola Real Federación Española de Atletismo.

**Art.4)** As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 5 de Setembro.**

**Art.5) Premios individuais:** Os tres primeiros atletas clasificados recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de premiacións. Caso contrario, non se fará entrega da medalla.

**Clasificación por clubs:** Farase sumando os tempos dos três primeiros atletas de un mesmo clube, calquera que sea a súa categoría, (dos cales só un poder ser estranxeiro). En caso de empate o gañador será o club cuxo terceiro atleta que puntúe realice o mellor tempo.

**Art.6)** Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible por diante, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma poderá ser motivo da descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -  
Correo: [secretariogeneralfga@gmail.com](mailto:secretariogeneralfga@gmail.com)  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>  
- 15008 - A CORUÑA



**Art.7)** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicarásese as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA ([direcciontecnica@fgatletismo.com](mailto:direcciontecnica@fgatletismo.com)) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba donde se desexe inscribir o atleta, podendo ser esta denegada.

**En próxima circular comunicarase o resto de información relativa o horario e circuito.**

Dolores Rojas Suárez  
Secretaria Xeral da FGA

A Coruña, a 27 de Xullo de 2017